



ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA) E A FUNDACIÓN LABORAL DA CONSTRUCCIÓN (FLC), PARA A PROMOCIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS MEDIANTE ACCIÓNS DE FORMACIÓN, INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E ASISTENCIA TÉCNICA NO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN E AFINS.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria en virtude do nomeamento polo Decreto 124/2015, do 4 de outubro, e presidente do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (en adiante ISSGA), consonte ao disposto no artigo 8 dos estatutos do Instituto, aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, que ten a competencia para a sinatura do presente acordo de conformidade co establecido no artigo 9 dos estatutos.

Doutra, o presidente da Fundación Laboral da Construción de Galicia (en adiante FLC), actuando en nome e representación da mesma, nomeado na Comisión Territorial celebrada o 30 de setembro de 2015, en virtude da atribución que lle sinala o artigo 34 dos Estatutos da FLC.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente **acordo marco de colaboración**, e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O ISSGA é un organismo autónomo que se configura como o órgano técnico da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos laborais, estando adscrito organicamente á consellería competente en materia de traballo, que actúa con



plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins, tal e como se recolle na súa normativa reguladora, na Lei 14/2007, do 30 de outubro, polo que se crea a regula, e nos seus estatutos, aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro.

Entre as súas funcións destacan as relativas á formación, información, asesoramento técnico en materia preventiva, así como a de establecer canles de colaboración e cooperar en materia de seguridade e saúde laboral con entidades públicas e privadas, e de xeito especial con aquelas que agrupen sectores considerados de alto risco dende o eido da prevención e que acaden valores altos na sinistralidade no traballo, como é o caso do sector da construción e afíns.

SEGUNDO.- A FLC é o organismo paritario que persegue un fin de interese público vinculado ao Convenio Colectivo Xeral do Sector da Construción, coa finalidade de garantir a prestación de servizos aos traballadores e traballadoras e ás empresas comprendidas no seu ámbito de aplicación.

A FLC é unha entidade sen ánimo de lucro constituída polas entidades máis representativas do sector: Confederación Nacional da Construción (CNC), CCOO de Construción e Servizos e Metal, Construción e Afíns da Unión Xeral de Traballadores (MCA-UGT). A súa finalidade primordial é crear un marco de relacións laborais estables e xustas e prestar servizos aos traballadores e empresas.

Tal e como consta nos seus estatutos, os principais obxectivos da FLC son o fomento da formación profesional, a investigación, o desenvolvemento e a promoción de actuacións tendentes á mellora da saúde laboral e á seguridade no traballo, así como a promoción de actuacións dirixidas á mellora do emprego.

TERCEIRO.- A Xunta de Galicia conta con sucesivas estratexias de seguridade e saúde no traballo que constitúen os instrumentos principais para establecer o marco xeral das políticas de prevención, e que se configuran como o instrumento a curto e medio prazo, e permiten a continua revisión e actualización destas políticas segundo a demanda dos distintos sectores de actividade, tecido produtivo, riscos emerxentes e, en xeral, adaptarse aos cambios e innovacións técnicas e normativas nun ámbito en



constante evolución. Con ditas estratexias búscase fortalecer a implicación das institucións e de todos os actores na mellora da seguridade e saúde no traballo a través, entre outros instrumentos, da sinatura de convenios e acordos de colaboración.

Ao abeiro dos obxectivos que se recollen nas estratexias nos sucesivos anos apróbanse os Plans de actuación do ISSGA nos que se recollen as principais liñas de traballo e actividades do instituto para cada anualidade, entre as que destacan as relativas á colaboración con outras entidades para a información e asesoramento técnico, formación e a promoción da cultura preventiva no ámbito laboral. Estas actuacións son continuas no sector da construción, polas súas peculiaridades e dificultades no eido da integración da prevención.

Entre as principais funcións do ISSGA figuran o asesoramento e control das accións técnico preventivas que se realicen nas empresas para elevar a protección da seguridade e a saúde dos traballadores e traballadoras, e a prestación ás empresas, con especial atención ás pequenas e medianas, de asesoramento e asistencia técnica para o mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

CUARTO.- Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións o establecemento dun marco de colaboración que permita promover e coordinar actividades conxuntas mediante a actuación do ISSGA, como instrumento da autoridade laboral, e da FLC en proxectos de interese común a través do presente acordo, para actuacións tendentes á mellora da seguridade e saúde dos traballadores do sector da construción en Galicia.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas as dúas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar o presente acordo marco de colaboración de acordo coas seguintes.



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente acordo ten como obxecto o establecemento de canles de colaboración para o desenvolvemento conxunto de actividades de formación e información, de asesoramento e de asistencia técnica en materia de prevención de riscos laborais, dirixidas tanto a empresas como a traballadores e traballadoras que desempeñan a súa profesión ou oficio dentro do sector da construción ou de sectores afíns ao mesmo, incluídos no marco normativo do Convenio Colectivo Xeral do Sector da Construción, en orde á mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo neste sector, a redución dos riscos laborais, a investigación e fomento de novas formas de protección e a promoción de estruturas eficaces de prevención.

SEGUNDA.- Actuacións

Coa finalidade de achegarse á realidade actual e de fomentar a prevención de riscos laborais no sector da construción e afíns, o ISSGA e a FLC pretenden colaborar activamente desenvolvendo plans de acción tendentes a acadar unha mellora das condicións de traballo no devandito sector, que redunde nunha diminución progresiva da sinistralidade laboral en Galicia.

Neste eido, as principais liñas de colaboración entre o ISSGA e a FLC, que se inician a través do presente acordo marco, están dirixidas, fundamentalmente, a:

- Realización de visitas de asesoramento ás empresas e aos centros de traballo co fin de informar sobre as condicións de seguridade e saúde laboral existentes nos mesmos.
- Deseño e planificación de campañas informativas para a prevención de riscos laborais no sector da construción.



- Realización de xornadas técnicas, seminarios e cursos, para difundir e informar acerca da normativa e os aspectos máis relevantes da seguridade e saúde incluídos nas obras de construción así como no vixente Convenio Colectivo Xeral do Sector da Construción.
- Deseño e desenvolvemento de ferramentas informáticas que permitan o tratamento de datos e a obtención de resultados de cara á redución dos índices de sinistralidade laboral.
- Promoción da integración da prevención de riscos laborais nas empresas do sector da construción e afíns a través das ferramentas e servizos que a FLC pon a disposición de empresas e traballadores e traballadoras (TPC, TPC empresas, Gesinprec, etc).
- Posta a disposición como recurso formativo dos Centros de Prácticas Preventivas (simuladores de riscos) que a FLC posúe en Galicia para as actividades que poida organizar o ISSGA.
- Elaboración de materiais divulgativos e didácticos.
- Levar a cabo calquera outra actividade que se considere conveniente en relación co fomento da prevención de riscos laborais no sector da construción.

A subscrición do presente acordo marco non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste acordo marco e o ISSGA.

TERCEIRA.- Orzamento

A subscrición do presente acordo non leva consigo ningún compromiso de gasto. As achegas económicas das partes que xere a colaboración, no seu caso, serán avaliadas e acordadas para cada un dos convenios específicos en que esta se



concrete.

Cada proxecto e/ou programa de actuación que se desenvolva no marco deste acordo poderá ser obxecto dun convenio específico que deberá conter, entre outros, os seguintes aspectos:

- Definición do obxectivo que se segue.
- Descrición do plan de traballo, que incluíra as distintas fases do mesmo e a cronoloxía do seu desenvolvemento.
- Orzamento total, se procede, con especificación dos medios materiais e humanos que requira o citado programa, especificando as achegas de cada entidade.
- Normas para a coordinación, execución e seguimento do proxecto.
- Nomes das persoas, unha por cada parte, que se designaran por mutuo acordo e que se responsabilizarán da marcha do convenio.
- Duración do convenio.

CUARTA.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste acordo marco de colaboración establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente acordo.

Nesta comisión actuarán como representantes por parte do ISSGA, unha das persoas que ocupen as subdireccións xerais e un xefe ou xefa de servizo que designe a Presidencia, ou persoas en quen deleguen; e por parte da FLC, o presidente e o vicepresidente ou persoas en quen deleguen.



Serán funcións desta Comisión de seguimento:

1. Velar polo cumprimento do acordo.
2. Impulsar e desenvolver o acordo.
3. Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do presente acordo.
4. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
5. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

A comisión reunirse coa frecuencia que determinen os seus membros e a ela poderán ser convocados aquel persoal técnico que, con carácter asesor, designen as partes.

QUINTA.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste acordo, son titularidade conxunta do ISSGA e da FLC.

As partes precisan a autorización expresa da outra para proceder á edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato o soporte, do resultado e dos materias froito do desenvolvemento do proxecto.

Na difusión de todas as accións que se poñan en marcha para o desenvolvemento do presente acordo (publicidade, comunicación, información, folletos, etc.) figurará, de forma expresa, o logotipo do ISSGA.



SEXTA.- Protección de datos

Ambas as dúas partes quedan obrigadas ao cumprimento do establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), especialmente do previsto no seu artigo 12, así como ao establecido no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da LOPD.

SÉTIMA.- Modificación e resolución do acordo marco

As partes poderán modificar o presente acordo por mutuo acordo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, mediante un acordo de modificación que requirirá a sinatura dun novo instrumento xurídico.

Son causas de resolución do presente acordo:

- a) O incumprimento por calquera das partes das súas cláusulas.
- b) A alteración substancial das condicións que propiciaron a súa celebración.
- c) A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste acordo marco por causas non imputables ás partes.
- d) O mutuo acordo.

En caso de extinción ou resolución do acordo marco, calquera que fose a súa causa, as actuacións ás que ven referido o seu texto, e que no momento da resolución ou extinción se atoparan en curso de realización, continuarán o seu desenvolvemento ata a súa finalización.



OITAVA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

O presente acordo ten natureza administrativa e rexerase pola lexislación administrativa aplicable e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Os conflitos e controversias que puidesen formularse sobre a interpretación e a execución do presente acordo, deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes a través da Comisión Mixta de Seguimento. De non alcanzarse tal acordo, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente acordo marco de colaboración, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

NOVENA.- Vixencia

O presente acordo marco estenderá a súa vixencia desde a data da sinatura polas dúas partes ata o 31 de decembro de 2016, prorrogándose tácitamente por anualidades naturais, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo, ou do termo de cada unha das prórrogas.

Este acordo de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Polo Instituto Galego de Seguridade
e Saúde Laboral

Pola Fundación Laboral da Construción
de Galicia

O Conselleiro de Economía, Emprego e
Industria e Presidente do ISSGA

O presidente